*"(5) Se entiende en líneas generales que el objetivo de la profesionalización de la contratación pública es reflejar la mejora general de toda la gama de cualificaciones y competencias profesionales, conocimientos y experiencia de las personas que realizan o participan en tareas relacionadas con la contratación (6). Abarca también herramientas y el apoyo, así como la arquitectura política institucional, que son necesarios para realizar el trabajo de forma eficaz y obtener resultados(1). Por consiguiente, una política de profesionalización eficaz debe basarse en un planteamiento estratégico global en torno a tres objetivos complementarios:*

*(…./....)*

*(6)Esto cubre la gama completa de las labores de los funcionarios encargados de las contrataciones que están implicados*



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



*en cualquier etapa del proceso de contratación, desde la identificación de las necesidades hasta la gestión de los contratos, ya se encuentren en administraciones o instituciones centrales o descentralizadas, con funciones definidas específicamente como relacionadas con la contratación o simplemente responsables de ciertas tareas relacionadas con la contratación.*

*(1) La necesidad de disponer de un personal dedicado a la contratación pública con capacidad de aportar rentabilidad en todo momento se pone de relieve también en la Recomendación de la OCDE de 2015 sobre contratación pública. Https://www.oecd.org/gov/ethics/OCDE-Recomendacion-sobre-Contratación-Pública-ES.pdf.*

*(…./....)*

*II. Recursos humanos: mejorar la formación y la gestión de la carrera de los profesionales en materia de contratación: los profesionales de la contratación pública, es decir, aquellas personas implicadas en la contratación de bienes, servicios y obras, así como los auditores y funcionarios responsables de la revisión de los casos relacionados con la contratación pública, deben disponer de las cualificaciones, formación, capacidades y experiencia adecuadas necesarias para su nivel de responsabilidad. Esto implica garantizar la existencia de personal con experiencia, capacitado y motivado, ofrecer la formación y desarrollo profesional continuo necesarios, así como desarrollar una estructura de la carrera profesional e incentivos que hagan atractiva la función de la contratación pública y motiven a los funcionarios públicos a lograr resultados estratégicos."*

De acordo, polo tanto, con esta recomendación, os profesionais da contración pública entendido como aquelas persoas implicadas na contratación de bens, servizos, e obras, así como os auditores e funcionarios responsables da revisión dos casos relacionados coa contratación pública deben ter cualifcacións, formación , capacidades e experiencia axeitadas para ao seu nivel de responsabilidade, o que unido ao carácter especializado que ten a mesa de contrtación pon de relieve que os membros desta última deben ter ditas cualifacións.

E a esta necesaria cualificación tamén se refire a LCSP cando, á hora de regular a composición das mesas de contratación indica que en ningún caso poden formar parte desta- entre outros- os funcionarios interinos, agás que non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados.

No suposto examinado se propón como membros da mesa de contratación, entre outros, como suplentes a don Pablo Bouza Suárez e a dona María Isabel Buján Bernández, xefe de servizo de cultura e educación e xefa de servizo de dinamización, fomación e emprego, respectivamente, funcionarios que pertencen á escala de Administración especial.

Como sinala o artigo 170 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, teñen a consideración de funcionarios de Administración especial os que teñen atribuído o desempeño das funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira, arte ou oficio.

Polo tanto, no suposto examinado, no caso dos dous vogais citados non se cumpre co requisito de cualificación, formación e experiencia en materia de contratación pública, ao pertencer a escala de Administración especial en dous concretos postos de traballo (xefes de servizo de cultura e educación, e de dinamización, formación e emprego)cuxa especialización non garda relación coa contratación pública , polo que a xuízo da que subscribe non se cumpre o requisito de especialización propio da mesa de contratación.

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente a proposta da Concelleira delegada da área de facenda, patrimonio e Administración electrónica de data 20 de xaneiro de 2020.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa cinco(5) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación."

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Consta no expediente Informe da letrada de asesoría xurídica da Deputación da Coruña de data 6 de marzo de 2020, que transcrito di:

**"ASUNTO:**

| |
| --- |
| Informe sobre los requisitos que han de cumplir los vocales de la Mesa de Contratación. |

La letrada adjunta de la Asesoría Jurídica de la Excma. Diputación Provincial de A Coruña, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 4 del Reglamento de Asistencia y, a petición del **Concello de CULLEREDO** en relación con el asunto referido, emite el siguiente,

**INFORME**

**1.- Antecedentes**

El Sr. Alcalde del Concello de Culleredo, remitió a esta Asesorìa Jurídica, escrito de solicitud del presente informe, en relación con la propuesta de modificación de la Mesa de Contratación de dicho municipio que fue informada desfavorablemente por la Secretaría de dicha Entidad, habida cuenta de que consideró que, en dos de los suplentes de vocales no se cumplìa el requisito de la necesaria cualificación que, a su entender exige el art. 326 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP).

**2.- Cuestiones que se plantean.**

2.1. La cuestión que se plantea se centra en determinar si la propuesta de modificación de la composición de los miembros de la Mesa de Contratación es ajustada a las exigencias previstas en el art. 326 y Disposición Adicional 2", ambos de la LCSP.

El art. 326 LCSP, a los efectos que aquí resultan de interés, preceptúa:

*"3. La mesa estará constituida por un Presidente, los vocales que se determinen reglamentariamente, y un Secretario.*

*La composición de la mesa se publicará en el perfil del contratante del órgano de contratación correspondiente.*

*4. Los miembros de la mesa serán nombrados por el órgano de contratación.*

*5. El Secretario deberá ser designado entre funcionarios o, en su defecto, otro tipo de personal dependiente del órgano de contratación, y* ***entre los vocales deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quienes tengan atribuido legal o reglamentariamente el asesoramiento jurídico del órgano de contratación y un interventor, o, a falta de éstos, una persona al servicio del órgano de contratación que tenga atribuidas las funciones correspondientes a su asesoramiento jurídico, y otra que tenga atribuidas las relativas a su control económico-presupuestario.***

*Por resolución del titular de la Intervención General correspondiente podrá acordarse los supuestos en que, en sustitución del Interventor, podrán formar parte de las mesas de contratación funcionarios del citado Centro específicamente habilitados para ello.*

*En ningún caso podrán formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas los cargos públicos representativos ni el personal eventual.* ***Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera***

***<u>suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente.</u>*** *Tampoco podrá formar parte de las Mesas de contratación el personal que haya participado en la redacción de la documentación técnica del contrato de que se trate, salvo en los supuestos a que se refiere la Disposición adicional segunda.*

*Las Mesas de contratación podrán, asimismo, solicitar el asesoramiento de técnicos o expertos independientes con conocimientos acreditados en las materias relacionadas con el objeto del contrato. Dicha asistencia será autorizada por el órgano de contratación y deberá ser reflejada expresamente en el expediente, con referencia a las identidades de los técnicos o expertos asistentes, su formación y su experiencia profesional.*

Así, en dicho precepto, se regula con carácter general las mesas de contratación si bien debe precisarse que el mismo, **no tiene carácter básico,** conforme a <u>Disposición Final 1ª.3. Párrafo 2º LCSP.</u>

Específicamente y, **con carácter básico**, se regulan <u>las mesas de contratación en las entidades locales</u> en <u>el apartado séptimo de la Disposición Adicional 2ª LCSP,</u> estableciendo las reglas sobre su composición, del siguiente modo:

*"7. <u>La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario,</u> **<u>así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación</u>**, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.*

*En las Entidades locales municipales, mancomunidades y consorcios locales, podrán integrarse en la Mesa personal al servicio de las correspondientes Diputaciones Provinciales o Comunidades Autónomas uniprovinciales.*

***<u>En ningún caso podrá formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas, personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente.</u>***

*La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes".*

2.2. En el supuesto de hecho que ahora nos ocupa, entiende la Secretaria Municipal que dos suplentes de los vocales, funcionarios de carrera pertenecientes a la escala de Administración Especial y que ocupan puestos de Jefatura de Servicio, no reúnen la cualificación suficiente en materia de contratación pública para ser miembros de la Mesa de Contratación , pues estima que dicho órgano se configura como un órgano de asistencia técnica especializado, que requiere que todos los vocales estén dotados de una cualificación especial que les dote de conocimientos específicos en materia de contratación pública.

2.3. A efectos de dar debida resolución a la cuestión que ahora nos ocupa, resulta esencial tener en cuenta la regla imperativa, prevista en la D.A. 2ª LCSP, relativa a la composición de la Mesa de Contratación, por la que se exige que **<u>formará parte de la Mesa, como vocal, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico</u>**, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de control económico-presupuestario.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503100-H

**Y es que la exigencia de esas dos vocalías especializadas, con cualificación técnica suficiente, no subordinadas jerárquicamente al órgano de contratación, contribuye decisivamente a conformar un órgano de carácter técnico e independiente, en el cual, serán dichas vocalías las que garantícen el cumplimiento de las prescripciones legales exigibles atinentes a los actos que ha de llevar a cabo la mesa de contratación.**

2.4. Establecidos legalmente dos vocales especializados como integrantes necesarios de las mesas, que han de estar necesariamente presentes para su válida constitución, queda por responder a la cuestión planteada, es decir, si los miembros designados como suplentes tienen la cualificación mínima para formar parte de la Mesa de Contratación.

Respecto a esta cuestión, de la normativa estatal, tanto del art. 326 LCSP como de la D.A. 2ª LCSP, **no se desprende la existencia de requisitos específicos para el desempeño de los puestos de presidente y demás vocales de la mesa.**

Además, debe tenerse en cuenta, en el supuesto de hecho que aquí nos ocupa, que los dos vocales suplentes, son funcionarios de carrera ocupando puestos de Jefatura de Servicios en el Concello de Culleredo, lo que objetivamente denota que están dotados de conocimientos generales en las materias troncales del funcionamiento de una Administración Pública, entre las que ha de incluirse, necesariamente, la contratación pública.

Y es que, no puede afirmarse tampoco que, por el hecho de que los dos funcionarios nombrados vocales suplentes pertenezcan a la Escala de Administración Especial no estén cualificados para formar parte de la referida Mesa de Contratación, pues cualquier temario de oposición para el acceso a la condición de funcionario de carrera exige unos conocimientos de contratación pública, independientemente de que el acceso sea a la Escala General o a la Escala Especial.

Asimismo no puede obviarse que, cualquier Servicio de una Administración Local tiene necesidades que deberán ser cubiertas a través de los mecanismos propios de la contratación pública lo que exige, a quienes son encargados de la gestión de dichos servicios, que tengan unos conocimientos mínimos que les faciliten llevar a cabo las tareas necesarias para poder cubrir tales necesidades.

A mayor abundamiento, se hace necesario resaltar que, en el ámbito de las entidades locales, sobre todo en aquellas de menor capacidad, la exigencia de una excesiva cualificación en los funcionarios para ser miembros de la Mesa de Contratación, podría conllevar la inviabilidad de su formación por no disponer en el Municipio de funcionarios suficientes que cumpliesen la elevada cualificación exigida, conllevando esto la paralización de la actividad del Municipio en muchos casos de sus ámbitos competenciales, pues gran parte de los servicios que deben ser prestados por ellos serán cubiertos a través de las normas de contratación pública aplicables, debido a la falta de medios propios.

En este sentido resulta ejemplarizante el Informe 12/2018, de 30 de mayo, de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad de Aragón, en el que se concluye:

> *"Por lo demás, ni de la normativa aragonesa, **ni de la normativa estatal** potencialmente supletoria, **se desprende la existencia de requisitos específicos para el desempeño de los puestos de Presidente y tercer vocal de las mesas de contratación".***

En este mismo sentido resulta ilustrativa la Recomendación de 4 de marzo de 2019 de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa Estatal, en la que analizando los requisitos que han de reunir los vocales de la Mesa de Contratación no hace referencia alguna a que se les deba exigir una cualificación específica y concreta.

Concretamente dice:



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503100-H

"La correcta interpretación del precepto exige diferencia al Presidente, por un lado, y **a los vocales, por otro**. Entre estos cabrá diferenciar; en primer lugar, al Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida las función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electros de la misma.

(...)

La siguiente cuestión está relacionada directamente con la anterior y nos plantea, para el caso de una respuesta como la que hemos dado, si ese tercer vocal debe ser un funcionario de carrera, personal laboral al servicio de la Corporación que tenga relación con el objeto del contrato, miembros electos o cualquiera de ellos. La cuestión ya está resuelta. **Puede ser vocal, dentro de esta tercera categoría, el personal al servicio de la Corporación entre quienes el legislador menciona expresamente a los funcionarios de carrera y al personal laboral, o también los miembros electos de la misma o ambos.** No se contiene en la norma limitación alguna en cuanto a una pretendida relación con el objeto del contrato".

Por lo expuesto, entiende esta Asesoría Jurídica que no procede determinar una posible falta de cualificación en los suplentes de vocales de la Mesa de Contratación sobre la base de que ambos pertenecen a la escala de Administración Especial, pues ello supone una apreciación subjetiva, desproprocionadamente rigorista, que excede de las exigencias legales relativas a la composición de las mesas de contratación.

En mérito a lo anteriormente expuesto, en relación con la consulta formulada, a la vista de la documentación que fue dicha, salvo mejor criterio, considerando lo anterior, se llega a las siguientes,

**CONCLUSIONES**

**Única.-** El nombramiento de los dos suplentes de vocales, siendo éstos funcionarios de carrera, para formar parte de la Mesa de Contratación del Concello de Culleredo, no supone ninguna infracción de las exigencias legales relativas a la composición de dicho órgano, pues el hecho de que pertenezcan a la escala de administración especial no constituye una circunstancia objetiva que permita apreciar una ausencia de cualificación en materia de contratación."

Iniciada a quenda de intervencións o sr. Alcalde que intervén e di que se procede á modificación dos membros da Mesa de Contratación Permanente por mor de que os integrantes da Mesa que forman parte do equipo Edusi non poden estar na mesma para resolver os asuntos e por este motivo se procede á modificación da Mesa mantendo basicamente a esencia da mesma e incorporando a novos técnicos municipais para os temas relacionados co Plan Europeo e que se poidan así celebrar estas mesas; que ademáis disto o propio técnico municipal de Medio Ambiente se xubilou e xa non podía formar parte da Mesa e en moitas das mesas de contratción que había xa non podia participar porque era él o que informaba todas as obras que levaban a esa Mesa de Contratación co cal había unha certa incompatibilidade e para que non se repetira esa situación conformouse esta Mesa de Contratación nova sempre coa premisa de que se poidan licitar os temas relacionados co plan europeo . Segue a dicir o sr. Alcalde que conta co informe desfavorable non vinculante da Secretaria municipal e que se pediu un segundo informe porque os técnicos municipais consideraban que se podía levar desa forma, que se pediu asistencia tecnica a municipios da Deputación e o informe da Deputación foi favorable polo cal se acordou polo equipo de goberno traelo a este Pleno e ditaminalo.

A continuación, solicita o uso da palabra o sr. Mourelle Botana, quen unha vez concedido, di que hoxe se trae ao Pleno unha modificación dos membros da Mesa de Contratación Permanente no que hai un informe desfavorable por parte da Secretaria Xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo, funcionaria habilitada do Estado que ademáis de ser membro titular da Mesa de Contratación, dita Secretaria dentro das moitas funcións que ten que

desenvolver hai unhas moi fundamentais que son a de dar fe pública e asesoramento legal e preceptivo a este concello e di que non entende por qué non vale o informe da Secretaría Xeral e por qué se ten que solicitar unha segunda opinión neste caso ao gabinete xurídico da Deputación Provincial da Coruña; pregunta cal é o motivo polo que pide esa segunda opinión e pregunta se cada vez que os informes sexan desfavorables por parte da Secretaria ou Interventora do Concello terá quen buscar uhnha segunda opinión; di que lle gustaría lembrarlle ao sr. Alcalde que tanto a Secretaria Xeral como a Interventora son funcionarias habilitadas polo Estado e que por ese informe desfavorable da Secretaría municipal o seu grupo Alternativa dos Veciños e él mesmo votarán en contra desta modificación de membros da Mesa de Contratación Permanente sabendo de antemán que esto non lle preocupa moito ao grupo de goberno que recurrirá á maioría absoluta do seu grupo para sacala adiante; finalmente pídelle ao sr. Alcalde que dialogue e escoite á oposición e a sra. Secretaria Xeral e á Interventora do Concello xa que están para velar polos intereses do Concello de Culleredo e dos cullerdenses.

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Chouciño Garrido, quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quere destacar é o comentario do alcalde no que di que non son vinculantes os informes da Secretaria Xeral porque xa o dixo o outro día a Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica e él non ve en ningún sitio da lei onde diga que os informes da Secretaria Xeral non son vinculantes, o que si di a lei e que é función da Secretaría, o asesoramento previo dos asuntos que van aos órganos de contratación e polo tanto cre que esa función non a pode cumprir ningún máis tal e como dixo o voceiro de Alternativa dos Veciños; di que no grupo de goberno non lles gusta o informe da Secretaria porque é desfavorable á proposta que traen e entón o que fan é buscar outro informe e resulta que esta é unha práctica recorrente xa que non é nin a primeira vez nin a segunda nin a terceira; lembra que o goberno anterior chegou a acudir no caso do Centro Loxístico de Transportes a un avogado dun bufete privado para facer un informe “ad hoc” sobre o rescate da concesión do Centro Loxístico de Ledoño porque non lle valían os informes da secretaría e non lle estraña porque eran contundentes, dicía que un centro loxístico que deberiá de ter pasado a ser totalmente público fora vendido. Segue a dicir o sr. Chouciño que o goberno municipal propón modificar a Mesa de Contratación e explica que se trata dun órgano de asistencia técnica especializada en materia de contratación administrativa, como di a lei e remarca a Secretaria no seu informe facendo especial énfase en cada un dos termos, ese órgano especializado e técnico en contratación administrativa é o que se encarga de valorar as propostas que se presentan á licitación dun contrato público para propoñerlle ao órgano contratante (alcalde, Pleno) aquela proposta máis acaída aos intereses municipais; que pensa que despois desa definición deben ter claro todos os conceptos e que cre que nese órgano deben estar uns funcionarios técnicos e especializados en materia de contratación administrativa para facer esas funcións e pensa que non é unha función sinxela e que hai funcionarios que polas características dos seus postos saben máis desas materias e outros menos pola esixencias que tiveron para o acceso a función pública , pola súa formación, etc; pon como exemplo que hai un tempo o fiscal superior de Galicia dicía nunha entrevista que se necesitaba unha fiscalía anticorrupción especializada en Galicia e unha das súas recomendacións era que a normativa de contratación era moi complexa e non era coñecida en profundidade polos outros fiscais que tamén eran funcionarios; que pensa que o que propón o goberno municipal según informa a Secretaria Xeral é non botar man dos funcionarios especializados senón dos funcionarios que non dominan esa materia coa profundidade requirida; que existe xente entre o funcionariado do Concello con maior capacitación para desempeñar esas funcións e di tamén que as directrices europeas están para aplicarse e se pregunta él por qué non o fan, que o informe da Secretaria é ben claro, as directrices europeas establecen as indicacións para ter unha administración profesionalizada na contratación pública que dé lugar a unha maquinaria institucional que faga o traballo de xeito eficaz e que obteña resultados e que mesmo teñan capacidade para achegar rendibilidade para a Administración e polo tanto para o administrado e por iso establecen que deben de dispoñer de cualificacións, formación, capacidades, experiencia adecuados e necesarios para ao seu nivel de responsabilidade e isto implica garantir a existencia de persoal con experiencia, capacitado e motivado ofrecendo formación e o desenvolvemento profesional continuo necesario. Di que o goberno municipal en vez de escoitar a recomendación dos seus servizos, dos funcionarios con habilitación de carácter nacional como son a Secretaria Xeral, a Interventora e a Tesoureira pois cre que sabe máis e busca outro informe alternativo noutro lugar e pensa que xa van demasiadas veces que vén isto, pensan que o goberno quere poñer na Mesa de Contratación a dúas



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

persoas de escala administración especial; di que alguén podería pensar que se se trata de administración especial é que saben máis que os outros pero aclara que iso é unha equivocación porque terán a consideración de funcionarios da administración especial os que teñan atribuído o desempeño de funcións que constitúan o obxecto dunha carreira, profesión, arte ou oficio fronte o que é a escala xeral, corresponde aos funcionarios da escala xeral o desempeño de funcións comúns ao exercico da actividade administrativa e en consecuencia os postos de traballo predominantemente burocráticos haberán de ser exercidos por funcionarios técnicos, de xestión, administrativos ou auxiliares de administración xeral e queda claro que os máis acaídos son os funcionarios da escala de administración xeral fronte aos da escala especial que o goberno municipal propoñe. Di que á pregunta de se temos no Concello este tipo de funcionarios a resposta é sí, hai un arquitecto municipal, unha arquitecta técnica municipal, dúas persoas en asesoría xurídica coas garantías requiridas pero o goberno municipal quere a outros e non explica por qué.; di que a sra. Marta Iglesias dicía que o goberno municipal entendía que os dous funcionarios propostos para a Mesa de Contratación eran os máis idóneos pero él pensa que despois do explicado queda acreditado que non e quere explicar a maiores que a controversia ven dada porque os dous funcionarios que se propoñen para a Mesa de Contratación son xefes de servizo por libre designación que é un sistema que non é por concurso; di que o que garante a independencia dos funcionarios é ter a súa praza por concurso e así debería ser sempre. Remata a súa intervendción dicindo que pediría que se retirase a proposta e a revisen e traian outra que cumpla con todos os criterios que se fan ver no informe da sra. Secretaria.

A continuación pide o uso da palabra a sra. Gorostizu García quen, unha vez concedido, di que quere agradecerlle á secretaria municipal D.ª Pilar o exhaustivo informe realizado e pensa que non hai nada máis que engadir despois de escoitar aos compañeiros da oposición; que quere lembrar as funcións moi claras da Mesa de Contratación que son a valoración das proposicións dos licitadores, calificación das ofertas, adxudicacións dos contratos a favor dos mellores licitadores resumindo, dar o mellor servizo ao prezo máis competitivo e dille ao sr. Alcalde que se lle saltan as lágrimas lendo iso e escoitándoo aínda que non sabe se son de emoción, de pena, de risa ou de tomadura de pelo e pregúntalle para qué hai unha Mesa de Contratación no Concello se non se contrata nada, para qué se o sr. alcalde contrata a base de resolucións da alcaldía con reparos suspensivos; di que a única resposta que lle vén a cabeza é que é un mero formalismo máis ao que xa están acostumbrados no ano que ela leva de concelleira, ven no portal de transparencia da páxina web, nas comisións de participación nas que a oposición non ten a palabra ou nos grupos de acción urbana dos fondos Edusi e di que neste caso un formalismo que quere darlle aparencia de legalidade a unha xestión que xa dende o Partido Popular en reiteradas ocasións definen como arbitraria, discrecional e ineficiente coa que o sr. Alcalde presuntamente está beneficiando a unhas empresas en detrimento doutras; di que en febreiro contestando a unha pregunta formulada polo seu grupo municipal sobre este tema o sr. Alcalde dixo que estaba regularizando a situación e ela pregunta que é o que fixo o sr. Alcalde despois de catro meses.

Intervén o sr. Alcalde e di que reitera a legalidade total da Mesa de Contratación; que loxicamente o informe da Secretaria Xeral é desfavorable e o goberno municipal o respecta pero cando levan unha proposta no Pleno vai informada por outros técnicos municipais perfectamente cualificados; di que se pide unha segunda opinión sempre e cando existe a dúbida de que un informe dun habilitado nacional ou de quen lle toque nese momento non lle ofrece todas as garantías para poder levar a cabo a proposta que eles teñen; que considera que as persoas que están e conforman esa Mesa de Contratación son perfectamente válidas para conformala; que a lei é moi clara neste sentido e non entenden a controversia co informe da Secretaria Xeral, entenden que a Mesa de Contratación é legal, que non se pode dicir que non é legal, que se pode interpretar o informe da Secretaria Xeral e que piden outro informe para non comprometer a un compañeiro do Concello estando sempre contrainformando e por iso llo piden a outra administración, esa é unha posibilidade que existe para que os concellos non entren en controversia constantemente e o informe da Deputacion di que é perfectamente válida. Segue a dicir que se se poñen na Mesa de Contratación algunhas das persoas que mencionou o sr. Chouciño en dous días terían que estar retiraándoas da Mesa porque probablemene sexan dentro duns meses as que estén informando os proxectos que vaian a Mesa de Contratación. O sr. Alcalde tamén lle pide á sra. García Gorostizu que revise o perfil do contratante para que poida comprobar que



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

eso que lle dixo non se sostén, que está moi ben facer demagoxia pero que efectivamente se fan adxudicacións de obras pero cumprindo os requisitos establecidos polas leis, pídelle que non diga que non se contrata e que a Mesa de Contratación non vale para nada porque se ve o perfil do contratante verá que sí se contrata e tamén está na páxina do Ministerio de Facenda; que lle gustaría que se contratase máis pero ás veces ten que recoñecer que os servizos técnicos municipais e o persoal do Concello está saturado e non pode atender o ritmo que o goberno municipal quere marcar e o respectan e incluso ás veces sacrifican o tempo en prol de que se poidan facer outras cousas.

Continúa a súa intervención o sr. Alcalde e di que eles ratifican a proposta e que probablemente non será a definitiva porque a medida que se incorporen ós seus postos de traballo difertentes técnicos municipais pois se poderán ir incorporando outros técnicos á Mesa de Contratación; que á Mesa de Contratación non só van obras senón tamén temas relacionados coa cultura, o deporte, a promocion económica, etc, que van moitas cousas e non hai que confundirse e que no concello hai persoal técnico moi cualificado que él defende a ultranza porque os coñece e traballa con eles e sabe que están perfectamente cualificados e que teñen unha condición obxectiva para tomar decisións nunha Mesa de Contratación a favor ou en contra do que se lles propoña; que ás veces incluso sendo obras teñen unha connotación cultural como pode ser a remodelación do camiño inglés ou a remodelación dun contorno cultural ou a construción dun centro cívico.e polo tanto hai que ter en conta a eses técnicos que a oposición pensa que son menos polo matiz de especial, e aclara que para él son iguais; di que o técnico de cultura do Concello ten unha traxectoria profesional excelente e está capacitado para decidir se un centro cívico que se vaia realizar neste Concello cumpre ou non os requisitos porque é él o que está dicindo que requisitos ten que cumprir; di que o arquitecto ten outras connotacións profesionais e será o que teña que facer outro tipo de informes e probablemente haxa que incorporalo á Mesa de Contratación pero non se fixo porque probablemente en catro días terá que estar facendo informes e o terán que apartalo dela; que para falar hai que saber cómo esá a situación no Concello e adaptar as cousas cada momento a esa situación; di que esa é a realidade e reitera que a proposta é perfectamente legal e di que quen considere que non é legal que achegue alegacións que estime ou interpoña un contencioso administrativo se é necesario para recurrir esta Mesa pero é legal e por iso a traen ao Pleno; que eles fan outras consideracións moi distintans e obxectivas ás que a oposición poida facer e aclara que todos son funcionarios e que non hai políticos na Mesa como en moitos concellos que meten políticos nas mesas de contratación; di que podia meterse él e outro concelleiro do grupo de goberno pero non queren, que queren que sexan os ténicos municipais os que diriman con maior ou menor acerto e aclara que ao final o acerto é total porque ningunha ou moi poucas mesas de contratación desde que él é alcalde están recurridas; e que esto significará que está funcionando ben; que a él non lle preocupa que gañe unha e que non está a favor de outras moitas cousas como os criterios de subasta pero que ás veces as teñen que utilizar porque non teñen funcionarios no Concello que poidan facer as puntuacións oportunas cuns criterios de obxectividade e de tempo para facer as valoracións e por iso se opta pola subasta pero o ideal sería que o asinara a parte técnica que asinara outros aspectos que puideran vir á Mesa de Contratación como moitas veces se falou. Continúa o sr. Alcalde a súa intervención e di que a Secretaria e a Interventora teñen toda a independencia do mundo para facer o que consideren que deben facer cos seus acertos e cos seus erros, que outra cousa é que se lle consulte algunha cuestión pero que elas son independientes e él pode estar de acordo co seu criterio ou non pero hai outras posibilidades que lles dá a Administración e a lexislación para facer outras cousas, consultar e achegar outros informes e como xa dixo prefire que o informe o faga outra administración a que o faga un compañeiro do Concello porque non ten que estar un compañeiro desmentindo a outro. Di que a proposta é perfectamente legal e pensa que é a mellor neste momento para que a Mesa de Contratación poida empezar xa que teñen que licitar os fondos europeos logo de aprobar os orzamentos e loxicamente non poden estar parados máis tempo por unha circunstancia ou por outra ou polo que a oposición queira argumentar. Remata dicindo que ten a conciencia moi tranquila do que fai no Concello independentemente do que diga a oposición porque o goberno municipal está a traballar.

Solicita novamente o uso da palabra o sr. Chouciño Garrido quen unha vez concedido di que quere matizar varias cousas que dixo o sr. Alcalde; en canto a actividade da Mesa de Contratación di que ten unha actividade ínfima da



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503100-H

que debería ter e lémbralle ao sr. Alcalde que no informe da liquidación correspondente ao ano 2018 fálabase de que nove millóns de euros da contratación pública foran ao marxe de calquera procedemento de contratación e no ano 2019 recuncaron e volveron a ter outros nove millóns de euros do orzamento que se somete a obras e servizos ao marxe de calquera procedemento de contratación e así está nos informes da interventora e polo tanto a actividade é infima respecto ao que debería ser e teñen que ter unha Mesa de Contratación preparada, áxil e eficaz pero facendo como o están a facer están incurrindo nunha temeridade porque cunha aprobación como a que é esperable no día da data están deixando unha decisión precaria porque contan cun informe desfavorable da secretaria; dille ao sr. Alcalde que crucen os dedos para que non pase nada xa que as consecuencias dun acto nulo derivan en actos nulos e polo tanto as contratacións que se deriven dunha Mesa de Contratación que pode estar sendo irregular derivarían en actos irregulares e eso os meteria nun problema; que cre que deberian reconsiderar o que fan; que o alcalde di que respecta o que di a secretaria e pregúntalle que entende él por respecto porque a secretaria fai un informe desfavorable e él vai buscar outro; di que en relación á xubilación do xefe de servizo de obras e medioambiente xa se xubilara o anterior xefe e pasara a cubrilo o que exercía naquel momento de xefe de sección, que eso era algo previsible e que volve a estar vacante a praza; di que o arquitecto municipal presentou un contencioso no seu momento pola adxudicacion da xefatura de servizo de obras e medio ambiente e gañou o litixio porque se lle excluíu desa praza irregularmente e cre que o arquitecto está vetado nun organismo como a Mesa de Contratación e non lle extraña porque ao goberno municipal non lle vai unha conducta independiente; di que o arquitecto ten feito informes desfavorables de obras que o BNG puxo en cuestión por non axustarse ao proxectado e pregunta por qué algunha obra con máis dun ano ou incluso dous segue sen recibirse, quere saber por qué non se recibe unha obra que está aberta ao tránsito público. Continúa falando do proxecto de adxudicación de auga potable en precario desde 2014; que non ten vinculo contractural coa empresa que subministra auga potable simplemente lle pagan porque lles pasa a factura sen contrato e que isto é un dos reparos máis habituais da interventora ou a limpeza viaria que tampouco se somete a licitación ou a reforma do Centro Social de Celas; di que o peor de todo é que o goberno municipal con todo esto está colapsando a Administración e dando lugar a que haxa cada vez maís recursos, que haxa máis problemas coas licitacions e que cada vez sexa menos axil e que paguen as consecuencias todos porque son moitas cuestións paradas e pídelle ao goberno municipal que pense ben o que van facer.

A continuación solicia o uso da palabra a sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que en todos os Plenos pasa o mesmo: que o alcalde non é capaz de facer autocrítica e que quen non analiza os seus erros nunca pode mellorar; que sempre se excusa na Secretaria, na Interventora, en competencias impropias, en regulamentos, en protocolos , él di que fai todo ben e que a oposición é a que minte; pídelle ao sr alcalde que analice a súa xestión o ano que pasou desde que ten a maioría absoluta porque nin sequera foi capaz de sacar as becas de comedor e con maioría absoluta non foi capaz de aprobar os orzamentos, que con sorte empezarán a traballar con eles en setembro cando xa terían que preparar os do ano 2021; dille que tampouco foron capaces de sacar a concurso ningún contrato. Di que o sr. Alcalde fala de exceso de traballo pero o concello de Culleredo tan máis de 200 funcionarios e dedica ao capítulo I de gasto máis do 33% do orzamento municipal o que evidecia a súa mala xestión; que no 2018 houbo dous millóns en reparos de suspensión por parte da interventora e no 2019 foron nove millóns e que isto vai en aumento;que é inadmisible que a súa xestión sexa en base a reparos da intervención pero como él lles dixo o chaman os alcaldes veciños para preguntarlle como se fan as cousas en Culleredo. Dille que non busque excusas, que se remangue, que inque os cóbados no despacho e se deixe de paseos no camión de emerxencias e que traballe por Culleredo.

A continuación intervén o sr.a alcalde e lle di á sra. García Gorostizu que ela ve outra realidade distinta da que pasa no Concello e ao sr. Chouciño Garrido que está claro que ten un concepto moi diferente da palabra respecto pero él reitera o seu máximo respecto a todos os funcionarios independentemente de que fagan informes favorables ou desfavorables da súa xestión e non quere entrar en debate sobre o arquitecto municipal que conta con todo o seu respecto independentemente de que faga valoracións nun momento puntual que loxicamente poidan ser desfavorables á xestión deste concello como o pode facer calquera funcionario sempre dentro das súas

competencias e remata dicindo que non cre que haxa que entrar en comparacións entre funcionarios porque para él son todos iguais no desenvolvemento da súa actividade e do seu traballo .

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data vinte de xaneiro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal , Amor Fernández.

Votos en contra: seis (6), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: tres (3), dos/as Sres./as:.García Gorostizu, Prieto García, Rico Verea.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Concelleira delegada de Facenda Patrimonio e Administracion Electrónica de data vinte de xaneiro de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 654C093O385P4V4V0O28 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.